

EMPREGO
GALICIACofinanciado pola
Unión EuropeaMINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIALSistema Nacional de
Garantía Juvenil

Fondos Europeos

ANEXO BASES

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO DENOMINADO “MAIV TALENTO MOZO 2026”

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección para a contratación de 12 persoas mozas desempregadas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía Xuvenil que constituirán o alumnado-traballador participante no Programa de formación-emprego denominado “MAIV TALENTO MOZO 2026”, promovido pola MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV) e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de conformidade co previsto na Orde reguladora destes programas de 9 de marzo de 2026¹ e nas Instrucións para a selección do persoal e do alumnado-traballador emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego².

O proxecto “MAIV TALENTO MOZO 2026” está subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en virtude de Resolución do 15 de xullo de 2026 da Dirección Territorial de Pontevedra e está financiado con fondos da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027.

A finalidade deste proxecto é mellorar a ocupabilidade, procurar a cualificación profesional e a posterior inserción laboral das persoas participantes no proxecto, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

2. PRAZAS A CUBRIR

Convócanse **12 prazas de alumno/a traballador/a**, repartidas en dúas especialidades:

- **6 prazas de alumno/a – traballador/a en marketing dixital** (familia profesional de Comercio e Marketing).

Tarefas e traballos a desempeñar nesta especialidade de marketing dixital:

¹ ORDE do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B), publicada no DOG nº 58 do 27 de marzo de 2026.

² Instrucións de data 17/04/2026 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo da convocatoria 2026-27, asinadas electrónicamente con data 20/04/2026 pola Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

- Realización de estudos de mercado dentro do entorno da MAIV con especial atención ao mercado dixital.
- Análise e revisión dos obxectivos de comunicación en relación aos portais, webs e RRSS da Mancomunidade, con especial incidencia na web do Servizo de asesoramento a emprendedores (www.emprendenarede.es) e propostas de actuación en relación ás estratexias de comunicación a seguir. Continuación dos traballos xa iniciados no proxectos anteriores e propostas de novos blogs/webs ou novos contidos dixitais (labores de community manager).
- Elaboración de contidos e mantemento das redes sociais (facebook, Youtube, LinkedIn, Instagram) dos distintos proxectos da MAIV.
- Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV, en materia de marketing e comunicación, prestando tamén asesoramento especializado directamente aos proxectos empresariais. Elaboración de plans de marketing e plans de comunicación, tanto tradicionais como dixitais.
- Deseño e elaboración de materiais dixitais da MAIV, do SAE e dos concellos que o requiran.

Formación a adquirir na especialidade de marketing dixital (nivel 3): A correspondente ao certificado de profesionalidade de COMM0112 (Xestión de márketing e comunicación).

- **6 prazas de alumno/a-traballador/a en dinamización de proxectos** (familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade).

Tarefas e traballos a realizar na especialidade de dinamización de proxectos de desenvolvemento local:

- Elaboración dun diagnóstico inicial e de necesidades do territorio, incidindo nos aspectos socioeconómico, empresarial e turístico.
- Deseño e posta en marcha de iniciativas dinamizadoras extraídas dos estudos socio-económicos e de necesidades elaborados con anterioridade.
- Realización dun inventario de recursos municipais (natureza, cultura, patrimonio, eventos) e creación de materiais relacionados (guías, mapas temáticos, ...).
- Realización dun proxecto para a recollida, documentación e conservación do patrimonio inmaterial do territorio da Mancomunidade de Vigo (tradicións, relatos e historias de vida, toponimia, oficios, lendas e mitoloxía, música,...) implicando á cidadanía e ás asociacións e colectivos locais. Integrar estes recursos nas estratexias de promoción turística e do territorio.
- Elaboración de plans de dinamización de recursos turísticos municipais dos concellos da MAIV, promovendo a participación cidadá: por exemplo, deseño de roteiros cuturais promovidos por colectivos e asociacións do propio municipio, deseño de experiencias locais,...

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

- Actualización e dinamización do portal de apoio ao asociacionismo local www.asociacionsmaiv.org (mellora de contidos, axenda de actividades, difusión de eventos, noticias do tecido social).

- Acompañamento a asociacións, tanto na creación como na xestión diaria (apoio na comunicación, formación básica, apoio na solicitude de axudas e subvencións, creación dunha rede entre asociacións).

- Deseño, posta en marcha e dinamización de proxectos de apoio ao tecido empresarial local (comercio local e microempresas, principalmente).

- Deseño, creación e desenvolvemento de contidos para os sitios web da MAIV, principalmente o portal web de turismo Terras Atlánticas e o Portal de Asociacións.

- Creación de contidos dixitais: videos, podcast, guías, arquivos sonoros e outros arquivos dixitais en relación con todo o anterior.

Formación a adquirir na especialidade de dinamización de proxectos de desenvolvemento local (nivel 3): A correspondente ao certificado de profesionalidade de SSCB0109 (Dinamización comunitaria).

A entidade poderá deixar sen efecto as contratacións previstas no caso de que non exista financiamento suficiente, se produzan modificacións na subvención concedida ou concorran causas organizativas ou orzamentarias debidamente xustificadas.

3. ENTIDADE CONTRATANTE

Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.

4. CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS

Desde o inicio da súa participación no Programa de emprego, as persoas seleccionadas nas prazas de alumnado-traballador serán contratadas pola entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo) en réxime laboral mediante a modalidade de contrato para a formación en alternancia (421 – Formación), de conformidade co previsto no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e na restante normativa de aplicación.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e cunha duración máxima de doce meses (non podendo exceder en ningún caso a data de remate do Obradoiro de emprego).

A contratación terá carácter temporal por estar directamente vinculada á execución dun programa público mixto de emprego e formación financiado mediante a correspondente subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, sen que responda á cobertura de necesidades permanentes ou estruturais da entidade promotora. En consecuencia, as persoas alumnas-traballadoras non adquirirán, en ningún caso, a condición de persoal fixo da Mancomunidade de Vigo nin se entenderán integradas no seu cadro de persoal ou relación de postos de traballo.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

Como referencia, o alumnado-traballador percibirá, como salario bruto mensual, o Salario Mínimo interprofesional anualmente establecido.

Os traballos levaranse a cabo durante un período de doce (12) meses mediante un sistema de formación en alternancia co traballo efectivo, combinando a impartición da formación correspondente aos certificados profesionais coa realización de obras e servizos de utilidade pública ou interese social directamente relacionados coas especialidades formativas. O Programa de Emprego desenvolverase nas instalacións que a Mancomunidade estableza ao efecto, ademais das distintas ubicacións nas que se poida realizar a obra de interese xeral.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Requisitos xerais:

- Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
- Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar e posuír as habilidades de comunicación lingüística suficientes que permitan o aprendizaxe.

5.2. Requisitos específicos:

Poderán participar no presente proceso selectivo as persoas remitidas pola Oficina de Emprego que no momento da selección e da formalización do contrato, reúnan os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Ter dezaoto ou máis anos de idade non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección.
- Estar inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e demais normativa concordante, así como manter o

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO DE TRABAJO Y
ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO DE
EMPLEO



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

cumprimento destes requisitos con carácter previo á participación no programa de formación-emprego.

- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao Programa de formación-emprego “TALENTO LOCAL 2026” durante toda a duración deste, de conformidade coa lexislación laboral vixente.
- Dado que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de 3, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

5.3. Causas de exclusión:

- Incumprir os requisitos establecidos nestas bases
- Falta de documentación acreditativa.
- Falsear os datos da solicitude (anexo I).
- Non cumprir os requisitos necesarios para a formalización dun contrato de formación en alternancia durante a totalidade do período de duración do programa de emprego.
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- Estar xa en posesión do mesmo certificado de profesionalidade que se vai a impartir no Programa de emprego, total ou parcialmente. No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.
- Estar participando noutro programa mixto de emprego e formación no momento da selección ou a contratación.

5.4. Outras circunstancias a ter en conta:

Tal como se establece nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (Convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

De igual modo, segundo establece o artigo 11 da Orde reguladora do 9 de marzo de 2026, teranse en conta, en todo caso, criterios como a idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación, e priorizaranse aquelas persoas mozas que non reciben previamente atención por parte do Sistema nacional de garantía xuvenil e aquelas que estean máis próximas a cumprir a idade máxima prevista no dito sistema, todos eles previstos no artigo 105.3

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

da Lei 18/2014, do 15 de outubro, así como tamén as mulleres, as persoas con discapacidade e as persoas trans.

6. PUBLICIDADE DO PROCESO DE SELECCIÓN

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado-traballador, unha vez aprobadas pola entidade promotora, serán expostas ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo. Ademais serán remitidas á oficina de emprego que tramite a oferta de emprego co obxecto de que sexan expostas ao público nos seus taboleiros de anuncios.

Os anuncios relativos a todas as fases do proceso, así coma os resultados das distintas fases, publicaranse no taboleiro de anuncios situado na Sede da Mancomunidad de Vigo (Hispanidade, nº 17) e na páxina web institucional www.maiv.org.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e ao Departamento territorial de Vigo a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes.

7. ÓRGANO DE SELECCIÓN

A Orde do 9 de marzo de 2026, establece no seu artigo 11 que *“a selección do alumnado-traballador participante no programa que se vai poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.”*

Pola súa parte, na norma 3 do documento de “Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (Convocatoria 2026-27)” da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego indícase o seguinte:

“A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na orde de convocatoria e nestas instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.”

De igual maneira, as mesmas instrucións no apartado 4 establecen: *“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas”.*

En base ao anterior e para proceder á selección das persoas participantes no Programa de Emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026”, a Mancomunidad de Vigo nomeará unha Comisión de Valoración

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

que estará integrada por un total de tres membros, actuando un deles como presidente e outro como secretario, imprescindiblemente.

A composición desta Comisión de Valoración será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Poderán ser designados membros suplentes, cos mesmos requisitos.

O nomeamento dos membros titulares e posibles suplentes que constituirán o órgano de selección realizarase por decreto da Concelleira Delegada da MAIV entre o persoal da propia entidade promotora (MAIV) ou dalgún dos concellos integrantes da mesma.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do Programa de emprego como alumnado-traballador poderá formar parte do órgano encargado da selección nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección. A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto. A Comisión de valoración considerarase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus compoñentes, tendo a persoa que ostente a Presidencia voto de calidade, para os supostos de empate nas votacións.

A Comisión de Valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especializados, se o estima necesario, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración asesorando aos membros do órgano de selección nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.

A Comisión de Valoración encargarse da elección dos candidatos e candidatas, tendo como función a valoración dos méritos alegados para a fase de baremación e a realización e valoración das entrevistas ou probas que se realicen, e coordinará o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación e interpretación das normas contidas nestas bases e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas bases de convocatoria e a normativa aplicable.

As resolucións da Comisión de Valoración encargada da selección do alumnado-traballador do Programa de Emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026” vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

8. INICIACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN: SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS

O artigo 11.4 da Orde do 9 de marzo de 2026, ao respecto do procedemento de selección do alumnado, establece que *“En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de oferta de*



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

emprego pola correspondente oficina de emprego. A oferta deberá ter en conta as condicións establecidas no artigo 2 desta orde. Con carácter previo ou no mesmo momento en que se envíe a oferta á oficina de emprego, a entidade promotora remitirá á propia oficina e mais ao departamento territorial competente as bases reguladoras do proceso de selección.”

Polo tanto, tal como establece a orde reguladora deste tipo de proxectos e as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (Convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, **o sistema de admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego tramitada na oficina de emprego** correspondente ao domicilio da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (Oficina de Emprego de López Mora).

O proceso selectivo iniciárase coa presentación das correspondentes ofertas de emprego por parte da entidade promotora (Mancomunidad de Vigo) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). Para tal efecto, tramitaranse dúas ofertas diferenciadas, correspondentes a cada unha das especialidades:

OFERTA 1: ALUMNADO TRABALLADOR do Programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026, especialidade “marketing dixital”. Certificado COMM0112 Xestión de márketing e comunicación.

OFERTA 2: ALUMNADO TRABALLADOR do Programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026, especialidade “dinamización de proxectos de desenvolvemento local”. Certificado SSCB0109 Dinamización comunitaria.

A oficina de emprego do SPEG será a encargada de preseleccionar as persoas candidatas que participarán no proceso de selección, de acordo cos requisitos establecidos nas presentes bases.

O número de candidatos/as solicitados será de TRES (3) por posto, o que fai un total de trinta e seis (36) candidatos/as: 18 candidatos para os 6 postos de traballo de alumnado-traballador da especialidade de marketing dixital e outros 18 candidatos para os 6 postos de traballo como alumnado-traballador da especialidade de dinamización de proxectos de desenvolvemento local.

O ámbito xeográfico da sondaxe será o correspondente aos concellos da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo. Só no caso de non atoparse candidatos suficientes neste ámbito territorial, ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de Obradoiros ou Programas de emprego.

9.1. Presentación de instancias

Realizada a sondaxe por parte da oficina de emprego, as persoas que resulten preseleccionadas serán avisadas da data, hora e lugar na que deberán comparecer na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para ser informadas do Programa de Emprego, as características do posto de traballo, o proceso e forma de selección, prazos e probas. A data na que previsiblemente deberán presentarse será o 15/09/2026. Non obstante, de cara a garantir que todas as persoas candidatas dispoñan da información precisa, a Mancomunidad de Vigo poderá contactar por

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

correo electrónico ou chamar telefonicamente aos/ás candidatos/as resultantes do proceso de sondaxe para informarlles do día e hora en que deberán presentarse na sede da Mancomunidade de Vigo, así como das datas das distintas probas de selección. Igualmente, tamén se publicará esta información na páxina web da Mancomunidade.

As persoas que desexen tomar parte na selección deberán presentar a instancia de participación no proceso (que se inclúe como anexo I destas bases), no prazo máximo de dous (2) días hábiles a contar dende o día da comparecencia (15/09/2026) xunto coa que deberán achegar **imprescindiblemente** a documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios establecidos na base sexta e aquela outra que xustifique os criterios que se valoren na fase de baremación, e en concreto, os seguintes:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Vida laboral actualizada (ou, no caso de non ter experiencia laboral e non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade social deberá achegar documento que o acredite).
- Certificado de inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.
- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
- A documentación que acredite as circunstancias que se valorarán na fase de baremación obxectiva das circunstancias persoais (recollidas no anexo II destas bases).

A entidade promotora poderá decidir que o día ou días da presentación de solicitudes e recollida de documentación estea presente, polo menos, un integrante da Comisión de Valoración encargada do proceso de selección que se nomee para este procedemento, co fin de resolver e atender calquera dúbida que puidese xurdir sobre o proceso de selección.

Coa presentación da solicitude de participación no proceso selectivo entenderase que as persoas candidatas manifestan reunir todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, na data na que remate o prazo de presentación de instancias e aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As persoas que non presenten a instancia de participación ou a documentación en prazo decaerán no seu dereito de seguir participando no proceso de selección.

9.2. Elaboración e publicación da lista de persoas candidatas:

Recibidas as solicitudes de participación e a documentación complementaria, a **lista de persoas candidatas** que pasan á fase de entrevista e baremación exporase no taboleiro de anuncios da propia entidade promotora, na páxina web da Mancomunidade de Vigo ([www.maiv.org/institución/ofertas de emprego](http://www.maiv.org/institución/ofertas_de_emplego)). Indicarase, igualmente, o lugar, data e hora na que serán convocadas para as probas de selección correspondentes (fase de entrevista).

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

Por outra banda, se unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas (2) persoas por praza, o órgano encargado de selección poderá solicitar novos candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir unha correcta selección dos participantes.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria tamén estarán expostas, cando menos, no taboleiro de anuncios da sede da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, podendo ser consultadas en horario de 8:00 a 15:00 horas, de luns a venres en días laborables, así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

Tal como establece o punto 3 das Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (Convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, no proceso de selección a entidade promotora (a Mancomunidade de Vigo, neste caso), actuara “sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación”.

9.1. Sistema de selección

Tal como establece a orde reguladora no seu artigo 11.4, Soamente poderán ser seleccionadas aquelas persoas que figuren como beneficiarias no Sistema nacional de garantía xuvenil e que cumpran cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao programa formación-emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 desta orde. Así mesmo, na sondaxe da Oficina de Emprego e no proceso selectivo, daraselle prioridade a aquelas persoas que se atopen nalgunha das circunstancias que se recollen no apartado 5 do citado artigo 11 da Orde reguladora de 9 de marzo de 2026.

O sistema de selección constará de dúas fases:

- Unha fase subxectiva, que consistirá nunha entrevista persoal ou proba oral.
- Unha fase obxectiva: Baremación das circunstancias persoais.

Segundo o establecido na base oitava, pasarán á fase de entrevista os/as candidatos/as, enviados pola oficina de emprego, que presenten a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

A Mancomunidade comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación a presentar así como a o lugar, data e hora na que terá lugar a entrevista persoal para cada un dos/as candidatos/as.

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



A entrevista persoal que deberá facerse con anterioridade á baremación dos criterios obxectivos, consistirá na realización dunha entrevista individual coa Comisión de Valoración, ao obxecto de avaliar o interese dos desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de **10 puntos** e representará o 50% da puntuación total.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidad de Vigo (situado nas oficinas da entidade, na Avda. Hispanidade, nº 17 – Vigo, onde tamén se farán as entrevistas), así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

A fase de baremación consistirá nunha avaliación das circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas, de acordo co baremo obxectivo que se inclúe como ANEXO II destas bases. Só se valorarán os méritos acreditados documentalmente.

Non se valorará a documentación presentada fóra do brazo establecido e tampouco os documentos que non permitan comprobar de forma indubidable o mérito alegado.

O órgano de selección poderá requirir ás persoas candidatas a emenda de defectos formais ou a aclaración da documentación presentada.

A puntuación máxima desta fase de valoración obxectiva será de **10 puntos**, e representará o 50% da puntuación total.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do órgano de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo. Exporase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidad de Vigo (situado nas oficinas da entidade, na Avda. Hispanidade, nº 17 – Vigo, nas que se realizarán tamén as entrevistas ás persoas candidatas), así como na web da Mancomunidad de Vigo (no apartado maiv.org/institución/ofertas de emprego).

Unha vez publicadas as puntuacións provisionais, as persoas candidatas disporán dun prazo de dous días para formular alegacións aos resultados da valoración segundo o baremo establecido nestas bases (a fase de entrevista non é susceptible de reclamación, ao tratarse dunha fase subxectiva). Coa publicación dos resultados provisionais, faranse públicos tamén os días que se establezan para formular as posibles alegacións e a data prevista de exposición dos resultados definitivos do proceso de selección.

9.2. Puntuación final das persoas candidatas

O órgano de selección (Comisión de Valoración), unha vez rematadas as fases de selección descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas (tendo en conta que a puntuación máxima será de 20 puntos e virá dada pola suma dos puntos acadados en nas diferentes fases do procedemento realizado) e a súa cualificación en base ás seguintes posibilidades: titular da especialidade, suplente, non presentado.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

Esta listaxe será exposta nos taboleiros da Mancomunidade de Vigo e na web da Mancomunidade de Vigo ([maiv.org/institución/ofertas de emprego](http://maiv.org/institución/ofertas-de-emplego)).

Unha vez publicados os resultados definitivos do proceso de selección, as persoas candidatas que figuren como TITULARES, terán un prazo máximo de 24 horas dende a publicación para comunicar por escrito á entidade promotora a súa aceptación ou renuncia á praza, coa presentación do modelo que se incorpora a estas bases como anexo III. Se transcorrido o devandito prazo a persoa seleccionada como TITULAR non confirma a praza considerárase que renuncia á mesma, que pasará a adxudicarse ao/á candidato/a suplente con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

Os requisitos establecidos na base 5 para as persoas aspirantes deberán manterse na data de incorporación ao proxecto (data de contratación), podendo a Mancomunidade de Vigo solicitar novamente ás persoas candidatas documentación actualizada do cumprimento dos devanditos requisitos.

9.3. Criterios para dirimir posibles empates

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas candidatas, seguiranse os seguintes criterios, de acordo co establecido na Orde do 9 de marzo de 2026 e nas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego:

- Non ter participado noutros obradoiros ou programas de emprego nos cinco anos anteriores.
- Maior idade da persoa candidata.
- Maior tempo acreditado en desemprego (tendo en conta a última inscrición no SPEG.
- Menor experiencia laboral da persoa candidata.
- Menor nivel académico da persoa candidata.

9.4. Lista de reserva

Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela.

A lista de reserva estará integrada polas persoas candidatas que se presentasen ao proceso de selección e que nos listados resultantes da ordenación de puntuacións finais do conxunto do proceso figuren como SUPLENTE. Esta lista de reserva estará ordenada segundo a puntuación final do proceso e os criterios establecidos no apartado anterior.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan, ben no caso de renuncia da persoa titular da praza antes do inicio do proxecto, ben por baixas do alumnado traballador unha vez iniciado o proxecto.

Excepcionalmente, só no caso de que se esgotara a lista de reservas para unha das especialidades (Marketing Dixital / Dinamización de Proxecto de Desenvolvemento local), e sempre que existan

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

candidatos/as en reserva para a outra das especialidades que cumpran os requisitos establecidos para poder ser contratados/as na especialidade que esgotou todas as reservas, a entidade, a proposta da Comisión de Valoración, poderá decidir incorporar a esas persoas candidatas, antes de facer un novo procedemento de selección.

Por último, no suposto de que as listas de reserva se esgotaran ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

- Incorporarse ao programa na data establecida pola entidade promotora e formalizar o correspondente contrato de formación en alternancia, sempre que cumpran os requisitos legalmente establecidos para a súa contratación.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas, respectando os horarios e o calendario establecidos pola entidade promotora e realizar as actividades, probas, avaliacións e demais actuacións necesarias para o adecuado aproveitamento da formación.
- Participar nas actuacións de orientación profesional, asesoramento e acompañamento á inserción laboral previstas no programa, colaborando activamente na elaboración e desenvolvemento do seu itinerario de inserción.
- Comunicar á entidade promotora calquera circunstancia que poida afectar ao normal desenvolvemento da súa participación no programa, así como calquera cambio nas condicións ou requisitos que determinaron o seu acceso ao mesmo.
- Cumprir coas obrigas inherentes á relación laboral: realizar con dilixencia e aproveitamento as tarefas propias do posto de traballo, respectar as normas de réxime interior que se establezan e manter unha actitude de respecto e colaboración co resto do alumnado-traballador, co persoal da entidade promotora e coas persoas usuarias ou destinatarias das actuacións desenvolvidas no programa.
- Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo, utilizando adecuadamente os medios e equipamentos postos á súa disposición e seguindo as instrucións establecidas pola Mancomunidade de Vigo.
- Facilitarlle á entidade promotora (Mancomunidade de Vigo) a documentación e información que resulte necesaria para a correcta xestión, seguimento, avaliación e xustificación do programa.

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

11.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓN

De conformidade co previsto nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo na convocatoria 2026-27, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

O órgano de selección nomeado para levar a cabo o proceso de selección (Comisión de Valoración) será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten cando a súa resolución non este prevista nestas bases

Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Vigo, na data da sinatura electrónica á marxe

A Técnica da MAIV

Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



ANEXO I

SOLICITUDE-CUESTIONARIO DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO- TRABALLADOR DO PROGRAMA DE FORMACION-EMPREGO "MAIV TALENTO MOZO 2026"

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/A CANDIDATO/A

Nome e apelidos			
DNI			
Data nacemento		Idade	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo electrónico			

FORMACION ACADÉMICA. Indica a titulación que posúe na actualidade:

- ☐ Graduado en ESO ☐ FP1 ou Ciclo medio de
- ☐ BUP ☐ COU ☐ Bacharelato
- ☐ FP2 ou Ciclo superior de
- ☐ Proba de acceso CM ☐ Proba de acceso CS
- ☐ Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos
- ☐ Diplomado ☐ Licenciado ☐ Grao
- Realiza estudos na actualidade? ☐ NON ☐ SI Cales?

NIVEL DE LINGUA GALEGA:

- ☐ Celga 2 ☐ Celga 3 ☐ Celga 4 ☐ Iniciación ☐ Perfeccionamento

Foi **alumno-traballador** dalgún programa mixto de emprego e formación (Escola Obradoiro, Programa de emprego para persoas mozas ou Obradoiro de Emprego?

- ☐ NON ☐ SI. Neste caso indicar cal foi e especialidade:

INDICAR SE REALIZOU ALGÚN CURSO RELACIONADO COA ESPECIALIDADE Á QUE OPTA:

.....

.....



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?

.....

.....

.....

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione, de xeito breve, os distintos traballos realizados, aínda que fosen sen contrato laboral (prácticas, voluntariado, colaboracións...):

.....

.....

.....

Asinou nalgún momento algún contrato de aprendizaxe-formación ou formación en alternancia?

☐ NON ☐ SI.

Posúe vostede algunha discapacidade?

☐ NON ☐ SI (terá que acreditalo no caso de que marque para a súa valoración)

Ten algún problema ou circunstancia que lle impida desenvolver o traballo con normalidade?

☐ NON ☐ SI. Indicar: _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos e

☐ **SOLICITO** ser admitido/a no proceso de selección do alumnado-traballador participante no **PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO “MAIV TALENTO MOZO 2026”** para o que fun convocado a través da oficina de emprego, na especialidade de (marcar a opción):

- ☐ Marketing Dixital
- ☐ Dinamización de Proxectos de Desenvolvemento local

☐ **RENUNCIO** a participar no proceso selectivo para o que fun convocado.

Vigo, de de 2026

Sinatura:

INFORMACIÓN ADICIONAL RELATIVA AO TRATAMENTO E PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS)

Responsable do Tratamento: Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo

En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os seus datos, serán tratados co único fin da xestionar a súa participación no proceso de selección e avaliar o seu perfil para o posto ofertado e xestionar as entrevistas ou probas necesarias. Poderá exercer os dereitos que establece o RXP dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en avda. Hispanidade, n.º 17 – 36203 Vigo (Pontevedra) ou vía mail ao lpd@maiv.org, e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique. Ao encher este formulario, vostede confirma ter lido esta información e consente o tratamento dos datos cos fins descritos.

Xacobeo  2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



EMPREGO
GALICIACofinanciado pola
Unión Europea

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL



SEPE

Sistema Nacional de
Garantía Juvenil

Fondos Europeos

ANEXO II**BAREMO DE MÉRITOS (AVALIACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E PROFESIONAIS)
ALUMNADO-TRABALLADOR PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO “MAIV TALENTO MOZO 2026”**

CRITERIOS		PUNTOS
Non ter participado noutro Obradoiro de Emprego, Programa de formación-emprego para persoas mozas ou proxectos de emprego para beneficiarios do Sistema de garantía Xuvenil		3
Acreditar, mediante informe de itinerario ou servizo resumido dunha oficina de emprego, ter prevista a realización deste tipo de medida (participación nun obradoiro ou programa de emprego da mesma especialidade para a que está preseleccionado/a), nun IPI con anterioridade ao 15/07/2026		1
Atoparse nalguna das seguintes circunstancias (*): a) muller b) persoa con discapacidade $\geq 33\%$ (sempre que poida realizar os traballos), c) persoa parada de longa duración (antigüidade de máis dun ano en desemprego) d) persoa trans		0,5
Idade (na data de presentación)	De 27 a 29 anos	2
	De 24 a 26 anos	1,5
	De 21 a 23 anos	1
	De 18 a 20 anos	0,5
Experiencia laboral (segundo informe de vida laboral actualizado)	Menos de 12 meses	1,5
	De 12 a 48 meses	1
	>48 meses	0,5
	Non achega vida laboral	0
Nivel de Formación Académica acreditada	Media ou baixa (que non posúan título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	1
	Alta (certificado profesionalidade nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
	Non achega ningunha certificación académica	0
Coñecemento galego	Posuír CELGA 3	0,50
	Posuír CELGA 4 ou superior	1

(*) Deberá acreditarse debidamente, e non se poden acumular varias circunstancias (é dicir, como máximo neste apartado acadarase 1 puntos, independentemente que a persoa candidata reúna dúas ou máis circunstancias).

Xacobeo  2027MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA ALUMNADO-TRABALLADOR PROGRAMA DE FORMACION-EMPREGO “MAIV TALENTO MOZO 2026”

Nome e apelidos	
DNI / NIE	
Teléfono/s de contacto	
Correo electrónico	

como persoa participante no proceso de selección do alumnado traballador do Programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026 e seleccionada para a especialidade de

.....

☐ RENUNCIO Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

☐ ACEPTO A PRAZA e

- ☒ DECLARO coñecer que o programa ten como finalidade última a mellora da empregabilidade e a inserción laboral das persoas participantes.
- ☒ COMPROMÉTOME a participar de forma activa e responsable nas accións formativas e actividades programadas, respectando os horarios establecidos e xustificando adecuadamente calquera ausencia.
- ☒ COMPROMÉTOME a cumprir e respectar as normas de réxime interior, organización e convivencia establecidas pola Mancomunidade de Vigo así como facer un uso correcto dos materiais, equipos e instalacións facilitados.
- ☒ COMPROMÉTOME a participar activamente nas actuacións de orientación, asesoramento e acompañamento á inserción que se propoñan dentro do Programa de emprego.
- ☒ COMPROMÉTOME a informar á Mancomunidade de Vigo e á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a miña situación laboral durante a miña participación no Obradoiro de Emprego e no prazo dos 12 meses posteriores á súa finalización, especialmente no caso de incorporación a un emprego, co fin de facilitar o seguimento e avaliación dos resultados de inserción do programa e a correspondente xustificación ante o órgano concedente.
- ☒ AUTORIZO á captación e uso da miña imaxe (fotografías e/ou vídeos) durante o desenvolvemento do programa con fins informativos, formativos e de difusión en medios propios (web, redes sociais, memorias, etc.), sendo esta autorización gratuíta e podendo ser revocada en calquera momento mediante solicitude expresa.

En Vigo, a _____ de _____ de 2026

Sinatura:



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

